

**Convocatoria de proba para un contrato en prácticas na categoría laboral de  
Documentalista en Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**

**1. CATEGORÍA LABORAL**

Documentalista

**2. SALARIO ANUAL BRUTO**

A retribución do traballador/a será, segundo convenio colectivo vixente (D.O.G. nº 167, do 2 de setembro de 2015), do 70% do salario fixado na categoría laboral para o primeiro ano e do 85% para o segundo.

Primeiro ano: 20.706,09 € brutos/ano

Segundo ano: 25.143,11€ brutos/ano

**3. TIPO DE CONTRATO LABORAL**

Contrato de traballo en prácticas

**4. DEFINICIÓN DA CATEGORÍA LABORAL**

Executa, baixo a coordinación do técnico de documentación, os sistemas e métodos establecidos en tarefas de análise documental, catalogación, clasificación, difusión, detección de vacíos documentais e de cantas funcións abrangue o tratamento integral dos textos ou imaxes analizadas. Posúe coñecementos idiomáticos de galego e inglés, preferentemente, para levar a cabo tales tarefas.

**5. REQUISITOS ACADÉMICOS**

Licenciatura/Grao en documentación e información.

Os/as aspirantes deberán posuír o requisito académico solicitado en data non posterior á da data de finalización de inscrición neste proceso selectivo.

**6. CONDICIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS**

Os/as aspirantes deberán cumprir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberá traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.



Ser menor de trinta (30) anos ou, de non ser así, que non transcorresen máis de cinco (5) anos dende a obtención do título requirido, sete (7) no caso de minusvalía por riba do 33%.

Ningún traballador/a poderá estar contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a dous (2) anos en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Tampouco se poderá estar contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a dous (2) anos, aínda que se trate de distinta titulación. Así mesmo, os/as aspirantes non poderán ter relación laboral anterior coa CRTVG ou con outra empresa na mesma ou similar categoría laboral convocada.

O período de proba será dun (1) mes. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis (6) meses nin exceder de dous (2) anos.

## 7. TRIBUNAL

- **María Jesús López Elvira**, presidente.
- **Josefa Fernández Arribas**, documentalista de CRTVG.
- **Paulino Novo Folgueira**, asesor lingüístico.
- **Marisol Pereiro Álvarez**, secretaria.

## 8. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL

Os membros do tribunal comprométese a garantir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ademais dos de publicidade e transparencia. Igualmente, comprométese a garantir o segredo das probas.

Os membros do tribunal reciben copia dos art. 23 e 24, de abstención e recusación, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

Os membros do tribunal asinarán declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos de abstención ou recusación unha vez se elabore a listaxe de inscritos.

Os membros do tribunal comprométese a publicar esta convocatoria e as seguintes publicacións do proceso na web da CRTVG ([www.crtvg.es](http://www.crtvg.es)).

Os membros do tribunal comprométese a garantir a adaptación que se considere necesaria para a participación nas probas en condicións de igualdade a aspirantes que padezan algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, se for o caso.

O lingüista encargarse de cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto de membros do tribunal encargaranse de poñer e puntuar o resto das probas. A secretaria non participará na elaboración das probas nin as puntuará.



O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores/as especialistas para todas o algunha das probas. Os ditos asesores limitaranse ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Os asesores tamén deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 28 da Lei de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e notificaranllo ao órgano convocante.

## 9. INSCRICIÓN

Para a inscrición, os/as aspirantes deberán enviar mediante correo electrónico ó enderezo ***proceso.seleccion@crtvg.es*** un curriculum vitae indicando claramente:

1. A convocatoria á que se presenta.
2. Nome completo.
3. D.N.I.
4. Data de nacemento.
5. Teléfono e/ou e-mail de contacto.
6. Posesión do requisito académico solicitado.
7. Data de obtención do requisito académico solicitado.
8. Formación en: Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Xeografía e Historia; Másters; Cursos universitarios; Cursos oficiais non universitarios en áreas afíns, Documentación, Información , Desenvolvemento web.
9. Os/as aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía acreditada igual ou superior ó 33% deberán facer constar se precisan de adaptación de tempo e medios para a realización da proba.
10. Deberase acompañar ao curriculum un certificado de vida laboral actualizado.
11. Certificado da nota media emitido pola Universidade correspondente.


O prazo de inscrición remata o día **30 de setembro de 2018**.

## 10. LISTAXE DE ADMITIDOS

O tribunal, unha vez examinados os requisitos esixidos, seleccionará entre os aspirantes os vintecinco (25) expedientes con maior nota media, publicando posteriormente a listaxe provisional de admitidos.

Contra estas listaxes provisionais de admitidos e excluídos poderanse presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

Estas alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico ***proceso.seleccion@crtvg.es***.



O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días, publicando a continuación a listaxe definitiva de admitidos.

## 11. PROBAS

Ás probas poderanse presentar os/as aspirantes que figuren na listaxe definitiva de admitidos. As probas realizaranse o día **10 de outubro de 2018**, na sede da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), ás 10:30 h. Os/as aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

A valoración de coñecementos farase a través de:

- **Proba de lingua galega (25%):** Terá carácter eliminatorio.
- **Proba teórico-práctica de coñecementos específicos (65%):**
  - Realización de dous exercicios que avaliarán habilidades de coñecementos; redacción e presentación de contidos. (40%).
  - Catalogación dunha peza de informativos, programas ou brutos de produción (25%).
- **Méritos (10%):** Valoraranse títulos académicos, másters e cursos oficiais relacionados cos medios de comunicación.

Na proba teórica/práctica de coñecementos específicos entrarán as seguintes materias:

- O Servizo de Documentación de Medios de Comunicación.
- Características da documentación audiovisual en Informativos e Programas.
- Proceso documental da Documentación audiovisual: selección, catalogación, clasificación e distribución de contidos.
- Actualidade económica, social, cultural, política e deportiva en Galicia: feitos e protagonistas.
- Actualidade española e internacional: feitos e protagonistas.

Para acceder á praza convocada é necesario superar unha nota media entre todas as probas de cinco (5) sobre dez (10).

A non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

## 12. LISTAXE DE PUNTUACIÓNS

O Tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas teórica e práctica na páxina web de CRTVG.



Os/as aspirantes poderán presentar alegacións contra eses resultados provisionais no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación.

As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.es](mailto:proceso.seleccion@crtvg.es).

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de 5 (cinco) días, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

### 13. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATE

En caso de empate, por non haber nesta categoría laboral infrarepresentación do sexo feminino, seguiranse, por esta orde, os criterios de desempate:

- 1º. a favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na proba de redacción.
- 2º. a favor do/a aspirante de maior idade.

### 14. ACCESO Ó POSTO DE TRABAJO

O/a aspirante seleccionado/a, deberá presentar no momento da sinatura de contrato a acreditación dos requisitos esixidos, con copia compulsada dos títulos ou certificados académicos, e informe de vida laboral.

Os/as aspirantes deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA poderá esixir aos aspirantes seleccionados someterse a recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

No caso de que o/a aspirante seleccionado/a non acredite contar con estes requisitos declinarase a proposta a favor do seguinte aspirante con maior puntuación.

### 15. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa normativa vixente, infórmase ao interesado de que os datos facilitados serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (Corporación RTVG), entidade prestadora no servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no seu Currículo e aqueles outros que nos poida facilitar durante o proceso de selección, serán tratados co fin de valorar e xestionar a súa solicitude de emprego e, no seu caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, salvo que vostede nos indique a súa vontade en contra, serán conservados durante un (1) ano cos fins

indicados, polo que é da súa responsabilidade mantelos actualizados, posto que serán utilizados para comunicarlle futuras vacantes que se axusten ao seu perfil e poidan resultar do seu interese.

Así mesmo, informarlle de que os seus datos serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, se ben iso faría que a súa candidatura non puidera ser tida en conta nos nosos procesos de selección de persoal. Non entanto, no caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Aos/as aspirantes daráselles unha folia de consentimento voluntario de tratamento de datos.

En Santiago de Compostela, a 17 de setembro de 2018.



**CTVG** CORPORATION  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Recursos Humanos

A<sup>edo</sup>: Susana Fernández Veiguela  
Directora de Recursos Humanos  
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.